




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: A Coruña. Parroquia: San Pedro de Visma. Extensión: 2,42 km2

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Estreita unidade acantilada granítica, con fortes vertentes superiores, de pendentes frecuentemente entre o 40% e o 60%. Presenta as Illas de San Pedro como testemuño do retroceso diferencial da costa. Dominada polas elevacións de Monte de San Pedro (139 m) e Monte Cortigueiro (164 m), pegadas ao mar, separadas por un angosto corredor deprimido tectónico que se abre de forma semicircular cara a Visma.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A costa dos montes de San Pedro e Bens, e parcialmente as Illas de San Pedro, pertencen ao Dominio da "Serie de Ordes", onde aparecen materiais metamórficos xistosos e cuarzosistosos, de idade precámbrico-silúrica. O resto da unidade pertence ao Herciniano. Unha granodiorita precoz ocupa as partes baixas da unidade. Nas elevacións de Monte San Pedro, Monte de Bens e Nostián aflora un leucogranito. Nas Illas de San Pedro aparece unha banda de ortoneis.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 14° C e a amplitude térmica media rolda os 13° C. As precipitacións rexistradas acadan máximos acumulados de 1200 mm e non adoitan baixar de 1000 mm ao ano.

OS SOLOS

Solos graníticos superficiais, moi incipientes, con algún afloramento. Trátase de regosoles que ocupan toda a unidade.

AS AUGAS

Vertente acantilada carente de rede fluvial significativa na que se forman pequenas valgadas, algunhas de orixe tectónica como a que desauga na Cala de San Pedro e que divide en dúas partes a unidade. Verte á masa de Augas Costeiras 20170.

O PATRIMONIO NATURAL

Área moi transformada. Destaca a existencia de acantilados graníticos co hábitat 1230 de acantilados costeiros atlánticos. Numerosas praias de coiros e plataformas rochosas achegan o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. Son frecuentes as furnas pequenas nos acantilados, o que achega o hábitat 8330, Furnas mariñas mergulladas ou semimergulladas. Nalgúns sectores menos degradados das vertentes dos acantilados aparece unha matogueira que responde potencialmente ás breixeiros secas europeas e secas atlánticas costeiras tipo 4030 e 4040. É o principal hábitat das Illas de San Pedro.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na aparencia, trátase dunha unidade cuxo solo acolle poucas actividades humanas (ben sexan agrícolas, forestais ou de calquera outra natureza), xa que boa parte da súa superficie está recuberta de vexetación costeira composta por matogueira. Así e todo, é considerable a artificialización á que se someteu este territorio, xa que nesta unidade se atopa o vertedoiro de Bens restaurado, se está executando unha nova estación depuradora de augas residuais e se desenvolven diferentes actividades extractivas na parte meridional. Ademais, existe un fenómeno residencial de pequenas dimensións ao redor da enseada do Portiño de San Pedro. Ao mesmo tempo, complétanse con usos recreativos no Monte de San Pedro, coa construción dun paseo peonil a carón do litoral e a reconversión das antigas baterías militares en parque.

MORFOLOXÍA

Nesta unidade atópase o núcleo tradicional do Portiño de San Pedro, un pequeno asentamento de casas apegadas á ladeira da montaña, xerado ao redor do peirao do mesmo nome, encaixado entre o Monte de San Pedro e o Monte das Pallas. Experimentou un crecemento moderado, nas zonas próximas de menor pendente, mediante tipoloxías de vivenda unifamiliar illada. O outro asentamento presente, o coñecido como "asentamento do Portiño", é o resultado dun proxecto de realoxamento de familias en risco de exclusión social que inclúe certos equipamentos de pequena entidade, pero que non tivo éxito.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A Costa de San Pedro, probablemente polas súas difíciles características orográficas, non foi un territorio que acollese unha gran poboación nin, polo tanto, que contase cos servizos dunha densa rede de estradas. Tradicionalmente só os camiños que unían a agra de Visma co casarío do Portiño chegaban ata as cotas máis baixas desta zona. Unha serie de camiños menores daban acceso ás terras de cultivo que se estendían pola ladeira do Monte de San Pedro. Actualmente, e como consecuencia das dinámicas urbanas da cidade da Coruña, un paseo litoral (rodado e peonil) circunda a base do monte, unindo O Portiño coa Enseada do Orzán.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade case non se rexistran elementos patrimoniais por mor da pouca actividade humana que houbo historicamente. O ben catalogado presente é o que se coñece como "Cemiterio Vello", próximo ao asentamento do Portiño de San Pedro.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta paisaxe caracterízase polo seu predominante aspecto natural. Esta peculiaridade destaca aínda máis, se cabe, se temos en conta a posición da unidade, xusto a continuación da cidade da Coruña. Pola súa conformación orográfica (na ladeira cara ao oeste, cunha forte pendente e pouco desenvolvemento continental e a súa relación histórica coa cidade (acollendo ata hai ben pouco usos militares de acceso restrinxido), este territorio mantívose de costas ao resto do conxunto urbano. Outro sinal de identidade desta paisaxe é o vertedoiro municipal, que ocupaba unha parte importante da superficie total. Clausurado en 2001, o seu selado e rexeneración deu lugar ao coñecido como Parque de Bens, extensa reserva de espazo verde no conxunto urbano.

DINÁMICA DA PAISAXE

Ao tratarse dun territorio no que a actividade humana foi tradicionalmente moi reducida, este evolucionou con poucas influencias antrópicas ata anos recentes. As súas características xeográficas e a instalación de actividades militares minimizaron a explotación agrícola do solo, que só era traballado nas partes baixas das ladeiras, e con pouca intensidade. Actualmente, gran parte destas foron abandonadas e ocupadas por vexetación costeira de matogueira, manténdose unicamente as que ocupan o fondo do val. A construción do vertedoiro de Bens supuxo unha importante alteración no territorio, que foi minimizada coas operacións de selado e rexeneración.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A Costa de San Pedro trátase dun ámbito de empinadas vertentes acantiladas cunha potente base granítica que se eleva ao oeste da Coruña, marcando o límite occidental da cidade. Conserva un valor natural e expresivo. Destacan as Illas de San Pedro, declaradas Espazo Natural de Interese Local pola súa singularidade ecolóxica. Nesta unidade sitúanse dous dos parques cos que conta a cidade: o Parque de Bens, sobre o antigo vertedoiro clausurado, e o Parque do Monte de San Pedro, onde se situaban as antigas instalacións militares. Dende este último enclave obtéñense unhas vistas espectaculares sobre a cidade da Coruña e unha ampla franxa de costa, que abrangue dende cabo Santo Adrián e as Illas Sisargas, ao oeste, ata os cabos Prior e Prioriño, ao nordeste.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS


















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Non se contemplan ámbitos de recualificación na presente unidade.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



